IDEAS
IDEAS PARA UNHA posible HOMILÍA CON NENOS
25 MAIO 2025

XESÚS RESUCITADO REGÁLANOS
…a Palabra, a Presenza, a Vida

1. VER: Os regalos

- Continuamos celebrando os grandes REGALOS que Cristo Resucitado nos segue dando na Pascua. Recordamos todos os xa vistos nos domingos anteriores.

Cales son eses regalos?
Cales vos parecen máis importantes?

2. XULGAR: Os regalos do Resucitado

- No evanxeo de hoxe, o último de Pascua, Xesús está de despedida e revela aos seus amigos: ***"O que me ama gardará a miña palabra, e o meu Pai amarao, e viremos a el e faremos morada nel"… "A paz vos deixo, a miña paz vos dou" … "Vou e volvo ao voso lado".***

QUE NOS QUERE DICIR?

- **Xesús Resucitado regálanos a Palabra**:
**"O que me ama gardará a miña palabra".* Xesús déixanos a súa Palabra, que é o mesmo Xesús presente entre nós. A súa Palabra guíanos, condúcenos, dános

criterios para vivir. O Espírito ensínanos a acoller a Palabra.

- Xesús Resucitado regálanos a Presenza:

**** "E o meu Pai amarao, e viremos a el"…*** Xesús faise presente na igrexa e en cada un de nós, na Palabra, na eucaristía, cando dúas ou máis nos reunimos no seu nome. Non quedamos orfos, o Espírito ensínanos todo e fai presente a Xesús e á súa Palabra.

- Xesús Resucitado regálanos a Vida:

**** "E faremos morada nel".*** O Pai, o Fillo e o Espírito viven en nós enchéndonos da súa vida, é vida divina que recibimos nos sacramentos se os celebramos con fe e ben dispostos. Cada persoa ten a súa dignidade, deus habita nela e isto ten grandes consecuencias

Vives estes regalos do Resucitado?
Que consecuencias traen?

3. ACTUAR: Amade sen medida

- **Descobre a presenza de Deus** na Palabra, na Eucaristía, na comunidade, en ti. Descobre a presenza do Espírito na túa comunidade e na vida de la Igrexa. Agradece a Xesús vida da graza, a vida divina.
- Neste mes **acudide a María** que vos axude a descubrir os agasallos que nos trae o Resucitado.
- Preparade algún detalle **para os enfermos** da parroquia, visitádeos, rezade por eles.

Que podemos facer?

LECTURAS

Feitos dos Apóstolos 15, 1-2. 22-29: *Decidimos, o Espírito Santo e nós, non impoñervos máis cargas que as indispensables*.

Decatándonos de que algúns de aquí, sen encargo noso, hanvos alborotado coas súas palabras, desconcertando os vosos ánimos, decidimos, por unanimidade, elixir a algúns e enviárvolos cos nosos queridos Bernabé e Paulo, homes que entregaron a súa vida ao nome do noso Señor Xesucristo.

Mandámosvos, pois, a Silas e a Xudas, que vos referirán de palabra o que segue: Decidimos, o Espírito Santo e nós, non impoñervos máis cargas que as indispensables: que vos absteñades de carne sacrificada aos ídolos, de sangue, de animais estrangulados e de unións ilexítimas.

Faredes ben en apartarvos de todo isto. Saúdos».

Palabra do Señor.

Salmo 66: Oh, Deus, que te loen os pobos, que todos os pobos te loen.

Apocalipse 21,10-14.22-23: *Amosoume a cidade santa que descendía do ceo.*

Xoán 14, 23-29: *O Espírito Santo iravos recordando todo o que vos dixen.*

Narrador: *Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:*

Xesús: *-«O que me ama gardará a miña palabra, e o meu Pai amarao, e* ***viremos a el e faremos morada nel.*** *O que non me ama non garda as miñas palabras. E a palabra que estades a oír non é miña, senón do Pai que me enviou.*

Faleivos disto agora que estou ao voso lado, pero o Paráclito, o Espírito Santo, que enviará o Pai no meu nome, será quen volo ensine todo e vos vaia lembrando todo o que vos dixen.

A paz vos deixo, a miña paz vos dou; *non vola dou eu como a dá o mundo. Que non se turbe o voso corazón nin se acovarde. Oístesme dicir: "Vou e volvo ao voso lado".*

Se me amásedes, alegrariádesvos de que vaia ao Pai, porque o Pai é maior ca min. Díxenvolo agora, antes de que suceda, para que cando suceda creades».

Palabra do Señor.

(Narrador-Xesús)